

## **BANDO INFORMATIVO SAN XOÁN E SAN PEDRO 2024**

Juventino José Trigo Rey, alcalde-presidente en funcións do Concello de Fene,

FAI SABER

Que tendo en conta a normativa sanitaria en vigor, comunícanse os seguintes feitos:

### **PERMÍTESE A REALIZACIÓN DE LUMINARIAS EN TERREOS PÚBLICOS E PARTICULARES.**

Condições xerais:

Este Bando afecta únicamente a aquelas luminarias **que teñan lugar en terreos públicos e particulares, os días 23 e 28 de xuño, a partir das 20.00 horas e ata ás 01.00 horas dos días 24 e 29 de xuño respectivamente**, quedando estas perfectamente apagadas.

Unicamente poderán realizarse aquelas luminarias que teñan afectuada a COMUNICACIÓN por escrito ao Concello de Fene, acompañando DNI do/a responsable.

Estas COMUNICACIÓNS só se poderán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou no Rexistro electrónico desta entidade, por persoas maiores de idade, dende a data de sinatura do presente Bando, ata ás 14.00 horas do 21 de xuño de 2024, séndolle de aplicación o disposto neste Bando. As luminarias poderán realizarse únicamente os días 23 e 28 de xuño e as súas respectivas madrugadas dos días 24 e 29 de xuño respectivamente.

- Só se poderán realizar as luminarias en terreos públicos e particulares localizados en solo urbano (núcleos urbanos) e en solo de núcleo rural (núcleos rurais).

- A separación mínima á área de árbores e libre de combustible será, polo menos, de 15 metros a árbores de pequeno ou mediano porte; 25 metros a árbores de gran porte, tendidos eléctricos ou telefónicos, entre outros, e a 15 metros do mobiliario urbano.

- A fogueira non superará en ningún caso os 3 metros de altura nin os 8 de perímetro.

- Queda prohibida a queima de plásticos, aceites, neumáticos, espumas de poliuretano, recipientes que conteñan líquidos ou gases (sprays) aínda que estén baleiros, e en xeral, calquera outra sustancia que poida desprender fume tóxico.

- Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemede, se iniciado o lume se produce a aparición de vento intenso, procederase a apagalos.

- Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e logo de dúas horas sen lapas ou brasas.

- O Concello de Fene, por iniciativa ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, poderá impedir a realización nos casos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.

- En caso de incumprimento do indicado, ou de queixas fundamentadas da veciñanza, poderase requirir a extincións das fogueiras.

- Esta comunicación non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houbera lugar no caso de producirse un incendio forestal polo uso do lume cando conorra negligencia ou imprudencia.

O cumprimento destas normas poderá ser comprobado pola Policía Local (981.49.27.77), que darán conta das incidencias/infraccións detectadas.

Pza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n, 15500 Fene Tfno.: 981 492 707 Fax: 981 492 788

Teléfonos de interese:

- Concello de Fene: 981 492 707
- Emerxencias: 112
- Policía Local de Fene: 981 492 777
- Protección Civil de Fene: 663 379 073

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe esquerda.